


## O cuadrilátero

: 00000362  
: Fuentes Castro, Xoán  
: O cuadrilátero  
: Nume  
: 978-84-92792-17-7  
:  
--  
:  
: 16,00€



:

344 páx. 15x21 cm

Todo o mundo agarda. O cuadrilátero é o reino da espera. Todos os que alí moran naceron para esperar. Mesmo a autoridade, que nunca se deixa ver, agarda. Calar e agardar, eis a consigna. E, como o silencio é bo aliado da espera, alí todos os habitantes viven na densidade do silencio. O cuadrilátero é un concepto entre xeométrico e dramático. Como figura xeométrica, o cuadrilátero é algo limitado, un espazo entre catro lados. Como marco dramático, pode acoller toda a soidade, todo o empuxe, todo o devalo do ser humano. Baixo o sol non só é todo vello, senón que mesmo o que ha de vir non é máis que un "xa foi". Só os corazóns humanos poden extraer do caduco vida, auga clara, horizontes aínda descoñecidos... Mellor, só os corazóns humanos o poden intentar. Ninguén é dono de nada no cuadrilátero. A árbore das nocións apenas ten follas naquela estraña fraga. Para que? Ter, posuír, usar, rir, amar, odiar... Inventos de cordos na corda frouxa da demencia. Ar, unha raiola de luz, un lugar, unhas proteínas..., eis o paraíso perdido. Perdido? Quen coñeceu algunha vez o paraíso? Quen pode botar de menos o que non coñece? As idades dos paraísos coméronas hai tempo os crocodilos e os crocodilos venderon a pel para que luza en fermosos corpos e en rechamantes pacotillas. "O cuadrilátero non é máis que un conto", din en ton conmisericordioso os eternos construtores de cuadriláteros. "A que veñen a estas alturas", engaden, "esas sinistras colonias cando hoxe, como é evidente, todos entoamos himnos e salmos á liberdade? Por fin, despois de tanto agardar, agora sabemos que o mundo, igual que calquera tren que se prece, vai a algunha parte." A gargallada que estoura no cuadrilátero non se apagará en tanto respire o seu último habitante.

Nume:

Prosa e verso da literatura galega